

# CTO. GALEGO DE WÁTER-POLO INFANTIL MIXTO

Tempada 2017/18. Circular 16-46.

## 1.- Participación

1.1.- Poderán tomar parte todos aqueles clubs inscritos na FEGAN, até un máximo de dous equipos por clube.

1.2.- Poderán participar ademais, clubs non inscritos na FEGAN, con limitación do número de equipos en función das posibilidades de organización. Os clubs de fora de Galicia, ademais dos gastos propios do Campionato, deberán aboar unha taxa anual de participación válida para todos os Campionatos, equivalente ao 50% da cota de Clube.

1.3.- Os xogadores deberán estar en posesión de licenza federativa de Wáter-polo.

1.4.- É de obrigado cumprimento para participar en devandito Campionato que todos os clubs presenten unha relación de xogadores segundo o ANEXO 1, onde figure o nome completo, a data de nacemento, o número de gorro con que disputará o encontro e o número de licenza Federativa acompañado da presentación do carné federativo antes de cada encontro.

1.5.- A idade dos xogadores será a dos nados no ano 2004 e posteriores en categoría masculina e feminina.

## 2.- Inscripcións

2.1.- Os clubs deberán confirmar a súa participación á FEGAN e remitir o ANEXO 1 debidamente cumprimentado utilizando un medio fidedigno polo menos 60 días antes da celebración do campionato.

2.2.- Os clubs que non cumpran os requisitos establecidos no punto anterior (2.1) quedarán automaticamente excluídos do Campionato Galego Infantil.

2.3.- Unha vez finalizado o prazo e en función do número de equipos inscritos a FEGAN comunicará o Sistema de Xogo a empregar.

## 3.- Calendario

3.1.- Celebrarase un Campionato de inverno segundo o calendario. A data pode ser modificada sempre que afecte dalgún xeito, e previa xustificación, ás competicións nacionais, nese caso comunicárase oportunamente a todos os clubs, volvendo fixar os novos prazos de inscrición.

3.2.- Celebrarase un Campionato de verán segundo calendario. A data pode ser modificada sempre que afecte dalgún xeito, e previa xustificación, ás competicións nacionais, nese caso comunicárase oportunamente a todos os clubs, volvendo fixar os novos prazos de inscrición.

## 4.- Sistema de xogo

4.1.- O sistema de xogo será en función da normativa publicada pola RFEN para a disputa do Campionato de España Infantil.

4.2. En función do número de equipos inscritos, a FEGAN xunto co club organizador decidirá si se disputa en un ou dous días. O club que solicite a sede terá que cumprir o requisito de poder dispor da instalación 2 días por si fixera falta.

4.3.- Xogarase conforme á Normativa Xeral de Wáter-Polo.

4.4.- O sorteo será dirixido, de tal forma que los primeiros clasificados na Liga non poderán cruzarse até unha hipotética final, e os equipos que participaron na mesma terán preferencia nos cruzamentos ante os equipos inscritos por primeira vez (en caso de non ter rematado a liga, será sorteo puro).

Exemplo para 6 equipos da liga máis 2 equipos novos:

1º Clasificado – Equipo Novo 1

4º Clasificado – 5º Clasificado

3º Clasificado – 6º Clasificado

2º Clasificado – Equipo Novo 2

4.5.- Cando un clube presente máis dun equipo, na medida do posible intentarase que non se crucen na primeira ronda.

4.6.- No caso de participación dun equipo de fora de Galicia, a Comisión Técnica de Wáter-polo decidirá o sorteo, debido a que o sistema de sorteo dirixido podería ser prexudicial para o equipo mellor clasificado en función do nivel do equipo novo, prexudicando en vez de premiar aos equipos participantes e mellor clasificados na liga.

## 5.- Obrigas dos equipos

5.1.- O equipo anfitrión sinalará á Secretaría da competición, antes do inicio do partido, quen é o DELEGADO DE CAMPO.

5.2.- O equipo anfitrión deberá dispor de actas, 3 cronómetros e as bandeiras de sinalización, e disporá conforme ás obrigacións que se especifican no Regulamento Xeral. (Sen prexuízo do anteriormente especificado, o equipo arbitral disporá sempre de actas para os partidos e chifres).

## 6.- Títulos e premios

6.1.- Ao finalizar a competición entregarase un trofeo ao equipo campión e medallas aos compoñentes dos tres primeiros equipos clasificados.

A Coruña, 21 de xullo de 2017

Secretaría Xeral FEGAN